

Saibran lanza *Meu*, o segundo avance do seu álbum debut *Atardecer harmonioso con gotas de primavera*

O tema, producido por Møu (DKTC, Lumedoloop), contrapón a actitude do rap máis descarado coa fragilidade emocional e a introspección



Fotograma do videoclip de *Meu*, rodado en branco e negro

Santiago de Compostela, 14 de novembro de 2025.- **Saibran**, o novo proxecto musical conformado por **Cibrán García** (Boyanka Kostova) e por **Julián Goicoa e Fiz García** (Mundo Prestigio), publica este venres 14 *Meu*, o segundo avance do seu álbum debut *Atardecer harmonioso con gotas de primavera*, que verá a luz o 5 de decembro.

Cunha base de Møu (DKTC, Lumedoloop), e con Julián Goicoa no baixo e Fiz García na batería, *Meu* contrapón a actitude do rap máis descarado coa fragilidade emocional e a introspección. "*Teño cheo o cinicero, cada calada unha neurona menos, cada colilla un problema que enterro, queda gardada dentro do cerebro, teño que facelo si non me quebro e...*" canta Cibrán García, quen xoga coa dualidade e rima ao compás das cousas propias da vida, sexan de noite ou de día.

Meu é un tema escuro e sucio. É nocturno e é (en) directo. Achégase ao máis fondo mais, se cabe, tamén abre a porta a un novo inicio.



Atardecer harmonioso con gotas de primavera

Atardecer harmonioso con gotas de primavera, o álbum debut de Saibran, forma parte dunha triloxía que editará Tremendo Audiovisual. Serán tres discos diferentes, cada un cun estilo e temática perfectamente identificable e, ademais, asinados por distintos produtores.

A triloxía de Saibran percorre os sons, ritmos e acontecementos que agroman desde as vivencias cotiás até os momentos de introspección. Temporalmente, esta evolución transita desde o solpor (primeiro disco) até o amencer (o terceiro): as cavilacións desenvólvense na medida que avanza a xornada de quen sae da súa casa contra última hora da tarde, sen máis pretensión que ver ás amizades pero que, cando regresa, xa alboreceu.

Escoita *Meu*: <https://orcd.co/saibranmeu>

Videoclip *Meu*: <https://www.youtube.com/watch?v=Z-x4uULHVQo>

Kit de prensa Saibran: https://cutt.ly/Saibran_prensa

Contacto de prensa: Lucía Pita | 675 404 321 lucia@tremendoaudiovisual.com